



Analizan a influencia das TICs na calidade de vida dos minusválidos

03.01.2007

. E.P.

Un equipo da Universidade da Coruña, en colaboración co Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) analizará a influencia do emprego das tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) para mellorar a calidade de vida das persoas minusválidas e a das súas familias. Este proxecto, que conta co apoio económico da Consellería de Innovación, a través da Dirección Xeral de I+D+i, ten unha duración estimada de tres anos e os seus resultados prácticos non poderán avaliarse ata 2009. Segundo explicou María José Rodríguez Malmierca, do Cesga, o primeiro que se formulan é "comprobar como viven" as familias nas que algún membro ten unha minusvalidez co fin de "coñecer que tipo de problemas" se poden aliviar ou solucionar co emprego de TICs. Será durante o ano 2009 cando se produza o deseño das ferramentas necesarias para satisfacer a demanda destas familias.